

# MAIOS DE INFANTIL

## 3 ANOS

Nós somos os pequenos  
De infantil de 3 anos  
Non temos nen idea  
que é isto dos maios

Como somos moi listos  
Si que vos prometemos  
Que para o ano que vén  
Xa vos axudaremos

## 4 ANOS

Nós, os de 4 anos  
Xa os vímos o ano pasado  
Trouxemos moitas flores  
Para adornar este maio

Por fin a primavera  
Gañoulle a Don inverno  
Esperamos que a neve  
Non volte en moito tempo.

Xa veñen as anduriñas  
Todos os paxaros cantan,  
Cando faga máis calor  
Poderemos ir á praia

## 5 ANOS

Con flores e fiúnchos  
Tamén colaboramos  
Saíunos de marabilla  
Porque temos 5 anos.

O mandilón deixamos  
Que xa non nos fai falla  
Para o ano que vén  
estamos en primaria.

Aquí volo deixamos  
Para que adorne o maio  
E se empeza a chover  
Xa non queda mollado.

Agora nós marchamos  
Que outro colla o micro,  
A ver o que nos cantan  
Os do primeiro ciclo